

A viva voz

Martín Mondragón, Mondra
Artista, Premio Martín Códax en Electrónica 2024

«A tradición perténcenos»

Auténtico furacán, actúa hoxe en Vimianzo e por diante terá Esteiro, Zas, O Couto ou Rianxo

P. BLANCO, F. RODRÍGUEZ
CARBALLO / LA VOZ

Historia, gastronomía, implicación veciñal, loita, reivindicación, esforzo colectivo e, dende logo, festival, música. Todo iso e máis é o Asalto ao Castelo de Vimianzo, Festa de Interese Turístico de Galicia. Mondra e Monoulious DOP destacan nos concertos de hoxe (00.30 horas), na que é xa a 27.ª edición. O primeiro deles, Martín Mondragón (Teo, 2000), Mondra como alcu-me de adolescencia e nome artístico, falou onte en Radio Voz. Téñenlles preguntado nalgún destino se son da orquestra Mondragón, rí, mais non son tal, senón da música galega toda unha revolución.

—**Benvido de novo a Vimianzo. En outono foi a Muñiada e agora toca Asalto, dúas festas sentidas.**

—Por suposto recoñecemos esa honra, e ademais nunha paraxe espectacular. Temos ganas. Esta xira Folia de Ardentés non para, estamos ilusionadas nesta equipa tan grande e tan multidisciplinar, agradecidas de ter unha xira no noso país tan longa, tan digna, visitando tantos recunchos.

—**Faga algo de «spoiler».**
—Neste concerto do Asalto haberá cancións novas, os últimos temas (é o caso de *Marimondra*) xa son parte do espectáculo. É a segunda vez que chega a Folia a Vimianzo, pero levamos novidades e máis enerxía ca nunca.

—**Ardén, disco debut, safa hai menos dun ano. Como asume o que pasou nestes meses?**

—Vai todo moi rápido, son menos de dous anos de proxecto, aínda que moito tempo antes de traballo arreo. E se o traballo é importante, a sorte tamén. Monda somos moita xente que facemos isto posible, e logo está o público, parte de nós, e responsable de que puidésemos facer tantas cousas en menos dun ano.

—**Artista do ano, estrela do trad,**



Mondra, nunha das imaxes promocionais de «Ardén». ZELTIA IGLESIAS

o Rodrigo Cuevas galego... Todo isto xa llo teñen chamado.

—É unha honra. Algo moi tolo.
—**En Marimondra rexéitase mediático, pero vai no cargo.**

—Vén a conto de todo o que fomos facendo, e con todo o barullo de súpeto, hei de recoñecer, tiven o meu proceso para asumir, asumir, aprender da experiencia e continuar. Houbo momentos de inverno difíciles, ao final sendo público o que fas ten un alcance, tes unha plataforma, e asumir a responsabilidade que iso conleva é importante. Agora temos todas as forzas para a xira 2024.

—**Chegoulle o Premio Martín Códax en Electrónica este ano.**
—Outra desas tolemias que digo.
—**Pero Mondra non foi chegar e encher. É cantareiro, bailaror, docente de música tradicional.**

—Certo, camiño longo, dende ben

pequeno, sempre vinculado ás artes escénicas, ao teatro e principalmente á música e baile tradicional, o mundo do que veño. Ata os 18 anos formeime en diferentes agrupacións, escolas de música, e a esa idade comecei a ser docente nunha delas, andaina que aínda levo a cabo. Ese camiño é o que me anima a iniciar proxecto en solitario, producir cancións propias ao rematar a carreira de Comunicación Audiovisual.

—**Esta bagaxe prepara para o éxito?**
—Podes prepararte para ser un bo intérprete, ou para andar via-xando dun sitio para o outro, pero non para asumir que podes ser referente dunha nena de dez anos ou para ver a un home de 60 coreando unha canción de Mondra maricón. É goce e é ledicia.
—**Ademais de para o Asalto está confirmado para as Carrilanas de**

Esteiro, en Muros, para a Carballreira de Zas, para as Festiletras do Couto ou o Rock in Rian de Rianxo.

—Que ilusión! E mira, no Barbanza son docente, en Ribeira. Meus padriños son de Rianxo de toda a vida, vivín alí moitas cousas. E en Ponteceso teño estado, pero nunca fun ás Festiletras, é unha tole-mia vivir festivais por primeira vez, con 24 anos, e ir a eles como intérprete. As Carrilanas é outro deses casos, que ganas!

—**Visitou tempo atrás Carballo coa Escola do Alprende e aínda soa aquela definición de mestura de Lady Gaga e Dolores de Villarinos.**

—[Ri]. Foi unha definición puntual, en contexto. Falaba de Dolores, informante de Balboa, a Galiza do Bierzo. Algunhas das melodías do meu *Ardén* están baseadas no que ela cantaba, e esas pezas conviven en Mondra con danzas como o waacking. Danzas que podería facer Lady Gaga, de aí veu.

—**Fala de vivir a tradición.**

—Podemos falar hoxe dunha revolución porque de súpeto a música tradicional está chegando a lugares, espazos e rexistros aos que non chegara en anos. É unha revolución como foi o folk nos 80/90. Ou Mercedes Peón no seu momento. Tendemos a pensar que a tradición se mete nunha caixa ou é algo para o museo, e non, non teño medo en dar a miña opinión nisto. A tradición, como galegas, perténcenos. Sempre dende o respecto e o coñecemento das vidas de hai 100-150 anos, das que temos moito que aprender, as galegas que hoxe vivimos collemos co mesmo dereito que as nosas avoas unha pandeireta.

—**Tamén enfocan a lingua.**

—A galega sempre estivo en segundo lugar, e seguimos tendo que loitar. Pero aí estamos, ocupando novos espazos, por máis que sigamos en pequenito nalgúns carteis. É un traballo de decenios que un grupo galego sexa o preferido dun pequeno galego.

LA CRIBA

Fiestas y molestias

Cada ano hay un gran número de perso-nas esperando por las fiestas. Pero también hay un grupo importante de vecinas y vecinos del núcleo en cuestión que ven llegar las jornadas de celebración con terror. Algunos tienen la suerte de poder emigrar a casa de sus familiares o amigos. Otros sufren, más o menos en silencio, la anarquía que supone instalar en pleno casco, por ejemplo, las atracciones. Con sus daños colaterales: corte de vías, invasión de cruces, imposibilidad de acceder a los garajes, suciedad en los portales, discusiones con personas muy poco razonables y ruido; sobre todo mucho ruido.

Sin duda es más llevadero para quienes están de vacaciones. Pero las vecinas y vecinos que trabajan y viven en medio del sarao, sufren. Yo creo que la inmensa mayoría está dispuesta a aguantar ciertas incomodidades porque son conscientes de los beneficios de las fiestas, tanto desde el punto de vista emocional como económico.

Pero también hay muchas personas que opinan, con razón, que hay cuestiones que se pueden mejorar y vaya por delante que organizar y poner normas a ese colectivo no es nada fácil!

Pero debe prevalecer el interés general y los derechos inherentes a una zona residencial: ocupar menos las vías, imponer unas normas sobre el aqualarre musical (horarios y volumen), dejar libres portales de viviendas y garajes, garantizar el acceso a instalaciones públicas y hacer cumplir las normas de urbanidad e higiene; que son para todos, vecinos y visitantes.

¡Disfruten de las fiestas con la familia y amigos!

O Abaladoiro

«Brandomil», por e para os veciños

P. B. M. CARBALLO / LA VOZ

Contra finais de xuño, no día do patrón, acolleu a igrexa de Brandomil, Zas, unha das máis senlleiras presentacións do libro *Brandomil. Vila Soterrada*, do que é coautor o arqueólogo Lino Gorgoso. El mesmo, malia terse feito xa presentacións no Museo do Pobo ou no local de Amigos dos Museos da Coruña, foi quen incidíu neste carácter especial da

cita, por facerse por e para os veciños de Brandomil. No templo, pese a todo, non só había veciños do municipio, tamén doutros concellos e mesmo estranxeiros.

Foi Dolores Martínez Martínez, unha das habitantes máis lonxexas, a que representou a parroquia neste encontro, gabando o esforzo de Fundación e Concello por recuperar «as cousas antigas do noso lugar», evidenciando o cambio que

para a aldea está a supoñer a chegada de visitantes. Manuel Muñío, alcalde, confirmou que se seguirá apoiando o labor arqueolóxico e que nuns días comezará outra intervención, na zona Pedra do Altar. Abundou Gorgoso no contido do libro e xa en tempo de coloquio falou da necesidade de ter no lugar un centro de recepción de visitantes e colección visitable de pezas recuperadas.



Presentación do libro, unhas xornadas atrás, na igrexa de Brandomil.